



DIVERSIDAD

Sexual e de xénero

UN MES CONTRA A LGTBFOBIA:
XUÑO CON ORGULLO

FICHAS PARA TRABALLAR EN PRIMARIA SOBRE DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO

UNIDADE DIDÁCTICA INFANTIL: AMORES DE CORES

Recursos: Conto “Boda en regaliz” de Fátima Verona Martell, da colección “Cuentos para la diversidad” (2005), dispoñible [aquí](#):



ACTIVIDADE Nº 1

Duración aprox. : 30 min

Título: Somos “Contacontos”

Obxectivos:

- Interiorizar os conceptos fundamentais do conto vinculados coa orientación sexual: heterosexualidade, homosexualidade e bisexualidade.
- Aceptar as diferentes orientacións sexuais.
- Manter unha actitude de respecto e interese polas diferentes orientacións sexuais

Desenvolvemento:

1. O/a docente le en voz alta o conto sinalando cada unha das personaxes cando corresponda e parándoo para facer as matizacións que considere oportunas ou para fomentar a participación do alumnado se o considera necesario.
2. Unha vez contado o conto, realizará preguntas sobre o mesmo que leven a introducir os contidos da unidade: De quen era amiga Catalina? Eran amigas ou eran noivas? Poden casar dúas rapazas? E dous rapaces? E un rapaz e unha rapaza? Como se vestía Catalina? Por que? ...Tamén poderá centrarse nos interrogantes básicos: quen participa na historia? que ocorreu? como foi? por que pasou?...
3. Unha vez contado o conto propónselles ás nenas e nenos que continúen a historia. Poderán facerse preguntas guía, se é necesario: irán vivir xuntas? terán fillas e fillos? é necesario casar para ter fillas e fillos? por que casan as persoas?...
4. Pediráselles que se poñan nalgún dos papeis do conto. Por exemplo: “que farían se fosen o granxeiro? como se sentirían se estivesen nese casamento? importaríalles que alguén da súa familia fose homosexual, bisexual, heterosexual? pensan que algún día se namorarán? de quen poderán facelo?
5. Finalízase a actividade concretando que hai moitas formas de amar e que debemos respectar a todas e

Unidade didáctica Diversidade Sexual e de Xénero

todos independentemente da súa orientación sexual: "Ao amor non se lle poden pór etiquetas."

Avaliación:

- Presta atención ao conto.
- Acepta a diversidade de orientacións sexuais.
- Entende que unha persoa pode namorarse de quen queira sen ser mellor ou peor que outras.
- Mantén unha actitude de respecto e interese por exemplos de persoas con diferentes orientacións sexuais.

UNIDADE DIDÁCTICA: PRIMARIA

Recursos:

"Despierta",

curta de animación, realizada por Ludov (podes descargalo [aquí](#))

"Donde está la diferencia" (podes descargalo [aquí](#))

Obxectivos:

- Analizar e reflexionar sobre os estereotipos asignados a lesbianas, gais, bisexuais e transexuais.
- Interiorizar os conceptos fundamentais vinculados coa orientación sexual: heterosexualidade, homosexualidade e bisexualidade.
- Aceptar as diferentes orientacións sexuais.
- Manter unha actitude de respecto e interese polas diferentes orientacións sexuais.
- Interiorizar a diversidade e as diferenzas como característica fundamental das persoas.

ACTIVIDADE Nº 1:

Proxección curta "Despierta"

Tempo aprox.: 20 min

1. O/a docente proxecta a curta "Despierta". A continuación, motiva a clase para que falen sobre o que viron e sobre que lles pareceu. Pódese animar a reflexión cunha serie de preguntas. Nese sentido, é importante ser conscientes do nivel do grupo e centrar os contidos. Algunhas das preguntas que se poden realizar son: que é o que ocorre? por que está dentro dun armario? que significado ten a expresión "saír do armario"? por que hai xente que está "dentro do armario"? e quen os mete aí? que pode ocorrer se saes? que temen que ocorra?

2. É importante que o/a docente teña claros os conceptos de orientación e identidade sexual para os explicar no debate anterior.



ACTIVIDADE N.º 2

Dinámicas para traballar os estereotipos en torno ás persoas LGTB. "Completa a frase"

Material: cuestionario con "frases incompletas"

Curta: "Donde está la diferencia"

Tempo aprox.: 40 min

1. Repártese a cada alumno e alumna un cuestionario coas frases incompletas para que o cubran, de forma anónima, co primeiro que lles veña á cabeza. Dispoñen dun tempo limitado duns cinco minutos. As frases que deben completar son do tipo: "o que máis lle gusta ás lesbianas é...", "os gais son moi...", "se soubese que a miña mellor amiga é bisexual o primeiro que faría sería...", "se fose unha persoa transexual gustaríame que...", etc. É importante que as frases se axusten á realidade do grupo. Tras completar os cuestionarios, recóllense e pásase a unha posta en común en gran grupo, débátese e resólvense dúbidas ou problemas que poidan xurdir.

2. Finalizado o debate, proxéctase a curta "Donde está la diferencia" e vólvese a reflexionar sobre os estereotipos que se faloron na actividade anterior.



RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:

FELGTB y CCOO (2011): Familias de colores (2011) Madrid, Edita FELGTB
CIG (Centro di Iniziatiava Gay) (2012): Rights against intolerance building and open-mind world Milán, Edita: CIG.
COGAM y CCOO (2007): Diferentes formas de amar. Guía para educar en la diversidad afectivo-sexual. Madrid, Edita: COGAM
COGAM (2005): Colección Cuentos para la diversidad. Madrid, Edita: COGAM

CONTACTO NÓS MESMAS:

Asociación Nós Mesmas
627736965

nosmesmas@felgtb.org<http://www.nosmesmas.com>

www.nosmesmas.com

asonosmesmas.blogspot.com

Nós Mesmas forma parte de:



FELGTB
www.felgtb.org



A CA DAR

Asociación de mulleres
con discapacidade de Galicia

